



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE SANGUE, ÓRGANOS E TECIDOS (ADOS) E O CENTRO VASCO DE TRANSFUSIÓN Y TEJIDOS HUMANOS (CVTTH) PARA ENVÍO DE MOSTRAS DE SANGUE DE CORDÓN UMBILICAL EN CASO DE INTERRUPCIÓN DE ACTIVIDADE.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A secretaria xeral técnica da Consellería de Sanidade, DECLARA:

Que a Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos (adscrita á Consellería de Sanidade) e o *Centro Vasco de Transfusión y Tejidos Humanos*, formalizaron o 13/03/2025 o instrumento convencional arriba referido que producirá efectos durante un período de catro anos, con posibilidade de prórroga.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer a forma e condicións da cooperación entre as partes para o caso de que calquera de ambas institucións tivera que interromper, suspender ou cesar a súa actividade, e dar cumprimento ao establecido na normativa vixente na materia.

Que o instrumento convencional asinado se fundamenta no seguinte:

Que a actividade do Banco de Sangue de Cordón e de Proxenitores Hematopoiéticos, de ambas institucións queda regulada polo RD Lei 9/2014, no que se establecen as normas de calidade e seguridade para a doazón, obtención, avaliación, procesamento, a preservación, almacenaxe e a distribución de células e tecidos humanos e se aproban as normas de coordinación e funcionamento para o seu uso en humanos.

Ambas institucións queren dar cumprimento á normativa vixente e definir as actuacións que o Banco de Sangue de Cordón e de Proxenitores Hematopoiéticos emprenderá nos supostos de interrupción, suspensión ou cese da súa actividade tal como especifica o RD Lei 9/2014.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector público, ou outro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, estímase xustificado o recurso ao instrumento convencional asinado, con exclusión doutras figuras.

A secretaria xeral técnica
Natalia Lobato Mosquera